

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 2 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se dá publicidade á resolución pola que se outorga a autorización ambiental integrada 2016-IPPC-84-327, para a reforma e ampliación dunha explotación porcina de 1.250 a 2.865 porcos de ceba, situada no concello de Chantada (Lugo). Titular: Productos Miño, S.L.

De conformidade co disposto no artigo 24.3 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316, do 31 de decembro), dáse publicidade á seguinte resolución:

Proxecto: reforma e ampliación de explotación porcina de 1.250 a 2.865 porcos de ceba	Procedemento: autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental
Titular: Productos Miño, S.L.	Expediente: 2016-IPPC-I-84
Localización: Chantada (Lugo)	

Esta resolución poderá consultarse na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda <https://cmatv.xunta.gal/busca-de-expedientes-da-autorizacion-ambiental-integrada> ou presencialmente na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, rúa de San Lázaro s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2020

María Cruz Ferreira Costa
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

